

VINTE ANOS DESPOIS DA CÁIDA DO MURO

Manuel Herminio Iglesias

Lembro o debate político que se desatou na militancia de esquerdas dende a caída do muro de Berlín. Posteriormente á demolición desta sinrazón, froito do reparto da Segunda Guerra Mundial, seguíronlle unha serie de movementos que trouxeron o desmoronamento da URSS e a liberación da ditadura comunista de moitos países que hoxe están incluídos na UE ou que están pedindo a entrada na OTAN. O mapa político europeo sufriu un terremoto e naceron estados novos, moitos para nós descoñecidos.

E como consecuencia dese terremoto social, o debate político na esquerda e no nacionalismo quedou aberto e aínda hoxe, para algúns, segue sen pecharse. Baseábase, e aínda segue nesa dialéctica, en demostrar se os referentes da esquerda xa se perderan e o modelo cara o que moitos miraban, podería servir para algo sobre todo nesta terra, dado que o nacionalismo galego na súa orixe nada tivo que ver coas teorías políticas ás que me refiro.

Pois ben, aquela revolta pacífica acontecida hai vinte anos, hoxe lembrada pola prensa, avívanos a memoria. Pois nin que dicir que, maioritariamente, aqueles réximes foron esquecidos, pois o seu modelo económico e ideolóxico fracasou estrepitosamente. E coa caída morreron aquelas ditaduras onde a liberdade dos individuos estaba estronzada e onde se cometeron grandes barbaridades contra milleiros de persoas.

Dende aquela o mundo seguiu o seu curso e aconteceron cantidade de cuestións que non vou a enumerar. Pero o referente económico e ideolóxico que se contrapuña co capitalismo quedou resumido a pouco máis de dous países que, entrando en serias contradicións ideolóxicas, ségueno mantendo a duras penas. Pensemos en China onde aínda perdura un partido comunista que está a aplicar capitalismo de estado como norma económica. Ou en Cuba, onde o estado pacta coas empresas turísticas cuestións económicas e logo aporta os traballadores aos que él lle paga. Vamos que o estado comunista, facendo unha metamorfose insólita, convértese en empresario contratando os seus cidadáns aos que explota. E logo nas súas proclamas di que está contra o capitalismo.

Son consciente de que o sistema capitalista levado libremente ao límite crea grandes desigualdades, deshumaniza ás persoas e pode ser moi inxusto. Por eso lembro os valores da socialdemocracia e a visión que tiveron persoas que souperon poñer en práctica as cuestións positivas que esta teoría política nos ofertaba para corregir os excesos do sistema mencionado, á vez fuxir das barbaries dun sistema totalitario.

Pero o motivo deste comentario non se xustifica somente pola visión histórica do acontecido pois, a día de hoxe, xa ninguén se lembra do réxime comunista nin do muro que separaba unha mesma cidade e que a dividía en dúas partes, nin das barreiras de aramio de espiño, nin dos mortos que fuxían cara a liberdade de occidente. Non. O motivo que me anima a escribir estas liñas está baseado na proclamación por sectores nacionalistas de referentes políticos tomados de países que aínda soñan co modelo ideolóxico e económico que quedou fóra de xogo. Países que proclaman como modelo a seguir e que, ao meu xuízo, nada teñen que ver coa problemática da nosa terra. Por eso poñer como referente a Cuba, Venezuela, Nicaragua, Bolivia ou algún país asiático sóame a música desafinada. Sóame a camiñar cara marxinalidade política e a vivir nun estado mental, que abondo xustificable pola inexperiencia da xuventude dos seus dirixentes que, no seu afán de acadar unha xustiza social, déixanse levar por esta retórica caduca. Parece que estes ideólogos descoñecen moitos aconteceres históricos importantes que lle axudarían a aclarar as ideas. En fin, fraco favor fanlle ao nacionalismo galego os que viven arredados da realidade social e comparan a situación de Galiza con situación de Cuba onde goberna a dinastía republicana dos Castro.

Vinte anos despois da caída do Muro de Berlín, e da desaparición RDA e o telón de aceiro, o mundo comunista pasou a ser somente un mal recordo; un soño que, aínda que poidera ter algunha cousa positiva, deixou tras de sí morte, carencia de libertades e acabou caendo como caerán outros rexímenes políticos que baixo esta utopía seguen agonizando lentamente.

Agora cando se cumpren vinte anos da reunificación alemana, non entendo as razóns dos que teiman en vincular esta ideoloxía obsoleta co nacionalismo galego. Eu non sei se son sabedores desa maneira de posicionarse politicamente leva ao nacionalismo cara a marxinalidade política e social.